



Concello de Cangas

Expediente núm.: 6785/2022

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Asunto: ps-22/14 Selección 11 profesores/as de música, Laboral fixo Grupo II e III

Documento: Acta de constitución tribunal e baremación

ACTA I

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E BAREMACIÓN

No Concello de Cangas, a 11 de Marzo de 2024, sendo ás 10:00 horas, os integrantes do Tribunal cualificador se reunen para continuar coa valorar dos méritos dos aspirantes para cubrir as seguintes prazas vacantes na plantilla municipal deste Concello:

- Catro (4) prazas de persoal laboral fixo (3 delas descontinuas, con 11 meses de traballo ao ano, e 1 con 12 meses ao ao), Profesor/a de Música especialidade de Piano máis materias complementarias, categoría Profesor/a de Música, grupo II.
- Dúas (2) prazas de persoal laboral fixo descontinuo (con 11 meses de traballo ao ano), Profesor/a de Música especialidade de Violín máis materias complementarias, categoría Profesor/a de Música, grupo II.
- Unha (1) praza de persoal laboral fixo (12 meses de traballo ao ano), Profesor/a de Música especialidade de Clarinete, máis materias complementarias, categoría Profesor/a de Música, grupo II.
- Unha (1) praza de persoal laboral fixo descontinuo (con 11 meses de traballo ao ano), Profesor/a de Música especialidade de Percusión, máis materias complementarias, categoría Profesor/a de Música, grupo II.
- Unha (1) praza de persoal laboral fixo descontinuo (con 11 meses de traballo ao ano), Profesor/a de Música especialidade de Violonchelo, máis materias complementarias, categoría Profesor/a de Música, grupo II
- Unha (1) praza de persoal laboral fixo descontinuo (con 11 meses de traballo ao ano), Profesor/a de Música especialidade de Guitarra, máis materias complementarias, categoría Profesor/a de Música, grupo II.
- Unha (1) praza de persoal laboral fixo (12 meses de traballo ao ano), Profesor/a de Música especialidade de Trompa, máis materias complementarias, categoría Profesor/a de Música, grupo III

Integran o Tribunal os seguintes membros:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850





Cargo	Identidade
Presidencia	Eva María Gallego Fernández
Secretaría	Alfonso Moldes González
Vogalía	María Idoya Chapela Silva
Vogalía	María Isabel Medraño Fariña
Vogalía	María Isabel Rodríguez Martínez

De conformidade coas bases reguladoras da convocatoria das citadas prazas, á vista dos documentos presentados acreditativos dos méritos e a experiencia, procédese a continuar coa baremación dos mesmos de acordo con base número 10 da convocatoria sinalada:

“10.- Procedemento de selección.

De conformidade co establecido na Disposición Adicional Sexta da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, o sistema de selección é o de concurso.

Neste concurso poderanse acadar un máximo de 40 puntos e os méritos a valorar serán os seguintes:

A) Experiencia profesional en relación coa respectiva especialidade : Máximo 36 puntos.

Por cada mes de servizos prestados no Concello de Cangas na mesma praza/s obxecto da convocatoria e na mesma especialidade instrumental: 0,20 puntos/mes.

Por cada mes de servizos prestados no Concello de Cangas en prazas de igual grupo e categoría (profesor/a de música) ao da praza/as obxecto da convocatoria en especialidades instrumentais distintas á que figure na praza/s na que se presenta: 0,10 puntos/mes.

Por cada mes de servizos prestados noutra Administración Local en prazas coas mesmas funcións e igual grupo e categoría (profesor/a de música) ao da praza/as obxecto da convocatoria e na mesma especialidade instrumental: 0,07 puntos/mes.

Por cada mes de servizos prestados no resto do Sector Público en prazas coas mesmas funcións e igual grupo e categoría (profesor/a de música) ao da praza/as obxecto da convocatoria e na mesma especialidade instrumental: 0,06 puntos/mes.

Tendo en conta que a praza obxecto desta convocatoria está configuradas a xornada completa, a experiencia por servizos prestados nos catro apartados anteriores computarase tamén por experiencia a xornada completa na respectiva administración. No caso de experiencia por servizos prestados a tempo parcial, computarase unicamente a parte equivalente aos días a xornada completa, segundo reflecta a vida laboral.





Concello de Cangas

Os servizos prestados acreditaranse mediante fotocopia simple do certificado do órgano de xestión de persoal da Administración Pública competente e certificación da vida laboral expedida pola Tesourería da Seguridade Social, en todo caso con especificación de categoría laboral, debendo quedar especificada a denominación do posto, a súa categoría/grupo e o tempo efectivo de servizos prestados.

As persoas aspirantes non terán que acreditar a experiencia profesional desenvolvida no Concello de Cangas, pois será xustificada de oficio polo Departamento de Persoal ante o Tribunal de Selección.

B) Méritos académicos: Máximo 4 puntos.

Por acreditar a realización de cursos de formación, ata un máximo de 4 puntos.

Valorarase a realización de cursos impartidos, organizados, subvencionados ou homologados polas diferentes Administracións Públicas, outras entidades do sector público, as Universidades públicas e privadas, Colexios profesionais, Centros oficiais de formación, ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos de formación continua que teñan un contido relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados transversais, como os de coñecemento da lingua galega (de nivel superior no ámbito laboral ao indicado na base 6ª), os relacionados coa prevención de riscos laborais, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido de ofimática, entre outros, e segundo o establecido no seguinte baremo:

- a) Por cada curso con duración igual ou superior a 100 horas lectivas: 4 puntos.*
- b) Por cada curso con duración igual ou superior a 75 horas lectivas: 3 puntos.*
- c) Por cada curso con duración igual ou superior a 50 horas lectivas: 2 puntos.*
- d) Por cada curso con duración igual ou superior a 15 horas lectivas: 1 punto.*

Os cursos que veñan cuantificados por créditos deberán especificar as horas que correspondan a cada crédito. No seu defecto, o Tribunal cuantificará en 10 horas cada crédito.

No caso de créditos ECTS a valoración que outorgará o Tribunal será de 25 horas por crédito.

C) Competencia en Lingua Galega:

*As persoas aspirantes deben acreditar coñecemento da lingua galega no nivel adecuado ao desenvolvemento das prazas convocadas, segundo se indica na base 6, o cal se acreditará, ben mediante posesión do Certificado en Lingua Galega correspondente ou ben mediante unha entrevista oral que acredite a capacidade de comunicación en galego coa cidadanía. /*6*

As persoas aspirantes deberán achegar modelo de autobaremación de méritos debidamente cumprimentado ”





Concello de Cangas

Da valoración de méritos resultan as seguintes puntuacións:

ESPECIALIDADE DE PIANO MÁIS MATERIAS COMPLEMENTARIAS

ASPIRANTE	A	B	C	TOTAL
ARGÜELLES MARTÍNEZ JEZABEL	35,63	4	SI	39,63
DOMÍNGUEZ PÉREZ MARÍA	2,42	4	SI	6,42
ENTENZA MALLO ROSARIO	36	4	SI	40
GOBERNA GARCÍA PATRICIA	5,78	4	SI	9,78
MOREIRA PEREIRA SUSANA	36	4	SI	40
OUTON GESTIDO NATALIA	0,31	4	SI	4,31
PORTELA SANTA CLARA RODRIGO	0,81	4	SI	4,81
TORRES ESTARQUE MARÍA JESÚS	36	4	SI	40

ESPECIALIDADE DE VIOLÍN MÁIS MATERIAS COMPLEMENTARIAS

ASPIRANTE	A	B	C	TOTAL
ALONSO BORREGO CARLA	0	4	NON	4
CONDE VILLAR JOSEPE ANDONI	36	4	SI	40
ESCOBAR NOVOA CÉSAR	0,77	4	SI	4,77
HUGHES SANMARTIN SABELA	3,09	4	SI	7,09
OTELLO LÓPEZ ALDARA	0,96	4	SI	4,96
RODOVA DIANA	36	4	SI	40

ESPECIALIDADE DE CLARINETE MÁIS MATERIAS COMPLEMENTARIAS

ASPIRANTE	A	B	C	TOTAL
BUDIÑO DURÁN ANTONIO	21,56	2	NON	23,56
PÉREZ TRIGO DAVID	0	4	SI	4
PIÑEIRO MUNDIN PABLO	2,46	4	SI	6,46
ROGERO CUESTA JORGE	31,71	4	SI	35,71

ESPECIALIDADE DE PERCUSIÓN MÁIS MATERIAS COMPLEMENTARIAS

ASPIRANTE	A	B	C	TOTAL
CARBALLO PARCERO LUIS MIGUEL	36	4	SI	40
LEITE COSQUE NOELIA	0,11	4	SI	4,11

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850





Concello de Cangas

ESPECIALIDADE DE VIOLONCHELO MÁIS MATERIAS COMPLEMENTARIAS

ASPIRANTE	A	B	C	TOTAL
ROCHA PUGA JOSE RAMÓN	36	4	SI	40

ESPECIALIDADE DE GUITARRA MÁIS MATERIAS COMPLEMENTARIAS

ASPIRANTE	A	B	C	TOTAL
RIVERA GONZÁLEZ MARCOS	36	4	SI	40
SANTALICES BLANCO MIGUEL EMILIO	0,68	4	SI	4,68

ESPECIALIDADE DE TROMPA MÁIS MATERIAS COMPLEMENTARIAS

ASPIRANTE	A	B	C	TOTAL
GONZÁLEZ AVILES ALBERTO	36	4	SI	40

Conforme a base número 11 o tribunal acorda:

ÚNICO. Publicar a cualificación provisional no Taboleiro de Anuncios (físico e electrónico), na páxina web e no Portal de Transparencia para que as persoas aspirantes poidan formular alegacións. Contarán con prazo de 5 días hábiles computados desde esta publicación.

Sendo as 11:27 horas levántase a reunión formalizándose a presenta Acta que asinan comigo os membros do Tribunal do cal, eu, secretario, DOU FE.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

